



CONCELLO DE TEO

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a sra. alcaldesa, con data de 2 de outubro de 2025, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN** :

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL. D.^a ANALÍA TUÑAS RODRÍGUEZ (2025/X999/000664)

EXPEDIENTE: 2025/G003/001242

Considerando que, mediante Decreto da alcaldía de 13 de setembro de 2012 (res 645/12), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos nichos e panteóns do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da alcaldía de 05/03/2012, quedaron libres os nichos que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da alcaldía de 15 de marzo de 2012 (res 163/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VII do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do concello de Teo.

Considerando que, con data de 2 de outubro de 2025 (rex. entrada nº 4452), presentouse a solicitude dun nicho no cemiterio municipal por D.^a Analía Tuñas Rodríguez, con DNI 32802911N.

Considerando que, de acordo coa documentación aportada, a necesidade de dispor de forma inmediata dun nicho no cemiterio municipal responde a que, téndose producido o falecemento da súa nai, o enterramento vai a ter lugar no día de hoxe, 2 de outubro de 2025.



CONCELLO DE TEO

Considerando que a persoa interesada aportou, xunto coa solicitude, a demais documentación esixida ao efecto, agás os certificados relativos a estar ao corrente coa Seguridade Social e coas obrigas tributarias, aportándose a estes efectos pola interesada unha declaración responsable, e comprometéndose a achegar, en canto lle sexa posible, os certificados correspondentes, non podendo esperar a persoa interesada á súa obtención, para que lle sexa adxudicado o nicho solicitado, polas razóns expostas.

Considerando que xunto coa solicitude (rex. entrada nº 4452, do 2 de outubro de 2025), a interesada achegou os xustificantes de pagamento da tarifa a abonar, que ascende a 1.250,00 €, así coma o importe de 35,80 en concepto de garantía.

Considerando que, de acordo co exposto e á vista da necesidade inaprazable da persoa interesada, no día de hoxe, formulouse proposta de adxudicación a favor de D.^a Analía Tuñas Rodríguez, que foi comunicada á interesada (rex. saída nº 202500000002378) e publicada na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios con data de 2 de outubro de 2025.

Vista a proposta de asignación concreta de nichos e panteóns, de data 2 de outubro de 2025.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Adxudicar a concesión do uso privativo do nicho 24 B do bloque 2, a D.^a Analía Tuñas Rodríguez, con DNI 32802911N, polo prazo de 75 anos, con arranxo ao prego de condicións aprobado mediante Decreto da alcaldía de de 15 de marzo de 2012, ao Regulamento do cemiterio municipal e demais normativa aplicable.



CONCELLO DE TEO

Segundo.- Requirir á adxudicataria para que presente os certificados relativos a estar ao corrente coa Seguridade Social e coas obrigas tributarias, para a súa incorporación ao expediente.

Terceiro.- Notificar o presente á interesada, con sinalamento dos recursos procedentes.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

Vº e praxe

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz